

ACTA N° 3/2010

CONCELLO DE PARADELA

PROVINCIA DE LUGO

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA VINTE E SEIS DE MAIO DE DOUS MIL DEZ.

En Paradelá, a vinte e seis de maio de 2010.

No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial, sendo as doce horas e cinco minutos, re3nese en primeira convocatoria a Corporaci3n Municipal en Sesi3n Ordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. Jos3 Manuel Mato D3az e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D. ROBERTO D3AZ LUACES
- D^a SONSOLES L3PEZ IZQUIERDO
- D. GUILLERMO CASTRO GONZ3LEZ
- D. MANUEL L3PEZ P3REZ
- D. ELISEO L3PEZ RODR3GUEZ
- D^a M^a TERESA VEIGA RODR3GUEZ
- D^a M^a MONTSERRAT MULET SAR
- D. SECUNDINO P3REZ L3PEZ
- D. MANUEL REGUEIRO L3PEZ
- D. JES3S L3PEZ TABOADA.

Asiste o Secretario-Interventor da Corporaci3n, Jos3 L3pez Gonz3lez, que da fe do acto.

A continuaci3n proc3dese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do d3a.

1º. APROBACI3N, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESI3N ORDINARIA DE DATA 31 DE MARZO DE 2010.

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesi3n, proc3dese a preguntar aos dem3is membros da Corporaci3n se teñen algo que obxectar 3 acta, da sesi3n ordinaria celebrada polo Pleno o d3a 31 de marzo de 2010, da que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organizaci3n, Funcionamento e R3xime Xur3dico das Entidades Locais.

Somet3se a aprobaci3n da acta, da sesi3n ordinaria celebrada polo Pleno o d3a 31 de marzo de 2010.

FOLLA N° 2

O resultado foi de aprobación por unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación municipal.

2º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIONS DE ALCALDÍA.

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucions de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS N° 7/2010, PRIMEIRO BAIXO A MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

En relación co terceiro punto da orde do día, o Presidente deu conta aos asitentes da tramitación de expediente de modificación de crédito n° 7/2010, primeiro baixo a modalidade de suplemento de crédito, para dar cumprimento o establecido no art. 20.7 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, unha vez entrado en vigor o orzamento xeral para o exercicio 2010, aclarando o importe e finalidade do mesmo así como os trámites levados a cabo e o seu contido.

O Sr. Alcalde procede a lectura da proposición, co seguinte contido.

“Ante a existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, resultando o crédito inicial insuficiente e non podendo ser obxecto de ampliación, motivado, en primeiro lugar, nas subvencións concedidas polo INEGA para proxecto de enxía solar fotovoltaica conectada á rede, así como de renovación das instalacións de iluminación pública exterior existentes (ILE/SEM), sendo necesaria a habilitación de crédito para as cantidades que lle corresponde aportar ao Concello, xa que no momento de aprobación do orzamento non se coñecía nin a concesión das citadas subvención nin a contía das mesmas, por importe de 29.380,56 € e 33.360,19 € respectivamente.

A Resolución do 20 de xaneiro de 2010, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas (DOGA n° 30, de 15/02/2010) acordou dar cumprimento á Sentenza do 30 de outubro de 2009 pola que se declarou nula a adxudicación de potencia aos parques eólicos singulares realizados por Resolución do 11 de xullo de 2007. En consecuencia, acorda igualmente retrotraer o procedemento administrativo ao momento inmediatamente anterior á valoración das solicitudes de parques eólicos singulares formulados ao abeiro da Orde do 17 de decembro de 2004. É por iso, polo que este Concello, que concorreu á mencionada convocatoria, precisa actualizar a documentación relativa ao punto de evacuación da enerxía xerada polo parque eólico. Ao abeiro dos artigos 60 e seguintes do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, é necesario a constitución de aval a favor da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e

FOLLA N° 3

Minas da Xunta de Galicia, por iso é necesario habilitar crédito para facer fronte aos pagos trimestrais da cuantía do risco do aval, por importe de 396,00 €.

Por outra banda, e ante o cambio de estrutura orzamentaria que se produxo para o exercicio 2010, resulta que na confección do orzamento inicial, determinados gastos correntes de carácter cultural, deportivo e de ocio, como consecuencia do citado cambio de estrutura non foron previstos nos créditos iniciais, como son os gastos dos autobuses relativos aos vixes a praia nos meses de xullo e agosto, así como material e reparacións para a piscina municipal; tendo en conta que estes gastos se van a producir e resulta necesario para a súa operatividade, por importe de 10.000,00 €.

En base ao expresado nos dous anteriores parágrafos, sendo os créditos iniciais insuficientes para facer fronte as os compromisos expresados, faise necesario tramitar o oportuno expediente de suplemento de crédito de acordo co previsto no art. 177 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo por que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que se financiará con cargo ao remanente líquido de tesouraría para gastos xerais.

Desta forma propónse realizar unha modificación do orzamento, baixo a modalidade de suplemento de crédito, por importe de 73.436,75 euros, co seguinte detalle:

Altas en Partidas de Gastos

Partida		Descrición	Euros
Funcional	Económica		
Área Gasto	Artigo		
1	61	Servizos públicos básicos. Inversión de reposición infraestructuras e bens destinados ao uso xeral.	30.289,12
1	64	Servizos públicos básicos. Gastos en inversións de carácter inmaterial.	3.371,07
3	22	Producción de bens públicos de carácter preferente. Material, subministros e outros.	10.000,00
4	60	Actuacións de carácter económico. Inversión nova e infraestructuras e bens destinados ao uso xeral.	29.380,56
9	35	Actuacións de carácter xeral. Administración financeira e tributaria.	396,00
		TOTAL GASTOS	73.436,75

Esta modificación financíase de entre os medios sinalados no art. 177.4º do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, con cargo ao remanente líquido de Tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Alta en Partida de Ingresos

Partida	Descripción	Euros
Económica		
Cap. Art. Concepto		
870.00	R.L.T para gastos xerais. Aplicación para a financiación de suplemento de crédito.	73.436,75
	TOTAL INGRESOS	73.436,75

En base a normativa citada, e ao informe emitido pola Secretaría Intervención, esta Alcaldía eleva ao Pleno a seguinte Proposta:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 7/2010, primeira baixo a modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, de acordo co seguinte resume por capítulos:

ESTADO DE GASTOS	
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
A) GASTOS POR OPERACIÓNS CORRENTES	
CAPÍTULO I: Gastos de Persoal	415.312,96
CAPÍTULO II: Gastos en Bens Correntes e Servizos	402.977,00
CAPÍTULO III: Gastos Financeiros	3.396,00
CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes	29.000,00
B) GASTOS POR OPERACIONES DE CAPITAL	
CAPÍTULO VI: Inversións Reais	279.040,75
CAPÍTULO VII: Transferencias de capital	0,00
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
CAPÍTULO VIII: Activos financeiros	0,00
CAPÍTULO IX: Pasivos Financeiros	31.210,04
TOTAL:	1.160.936,75
ESTADO DE INGRESOS	
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
A) INGRESOS POR OPERACIÓNS CORRENTES	
CAPÍTULO I: Impostos Directos	280.267,34
CAPÍTULO II: Impostos Indirectos	50.000,00
CAPÍTULO III: Taxas e outros Ingresos	119.000,00
CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes	581.000,00
CAPÍTULO V: Ingresos Patrimoniais	3.000,00
B) INGRESOS POR OPERACIONES DE CAPITAL	
CAPÍTULO VI: Enaxenación inversións reais	6.000,00
CAPÍTULO VII: Transferencias de Capital	48.232,66
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
CAPÍTULO VIII: Activos financeiros	73.436,75
CAPÍTULO IX: Pasivos financeiros	00,00
TOTAL:	1.160.936,75

FOLLA Nº 5

SEGUNDO.- Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

En Paradela, a 19 de maio de 2010. O Alcalde, Asdo.: José Manuel Mato Díaz”.

A continuación procédese á votación, resultando aprobado pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, cos 6 votos a favor do Grupo Municipal Popular e o membro do BNG e 4 abstencións do Grupo Municipal Socialista.

4º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, DE REXEITAMENTO AO ANUNCIO DO GOBERNO POLO QUE SE PROPÓN A CONXELACIÓN DAS PENSIÓNS.

Procédese neste punto da orde do día, a lectura da moción do grupo municipal do partido popular relativa ao rexeitamento do anuncio do goberno polo que se propón a conxelación das pensións

“MOCION DE REXEITAMENTO AO ANUNCIO DO GOBERNO POLO QUE SE PROPÓN A CONXELACION DAS PENSIÓNS

As graves dificultades económicas e de paro que vive o noso país e o desmesurado déficit público, obrigan a adoptar medidas extraordinarias, tamén esixidas pola nosa pertenza á zona euro, que á súa vez atravesamos un período de inestabilidade ao que é preciso dar solucións coordinadas. Neste contexto o Presidente do Goberno anunciou o pasado 12 de maio no Congreso dos Deputados algunhas decisións que, de adoptarse, lesionarían inxusta e inxustificadamente a máis de 5 millóns de pensionistas españois, rompendo de paso un dos logros maiores da nosa democracia: o Pacto de Toledo.

Convén recordar que dito Pacto de Estado alcanzouse en 1995 entre todos os Grupos Parlamentarios, e mereceu o respaldo dos sindicatos en 1996 mediante o Acordo sobre consolidación e racionalización do sistema de pensións.

Estes acordos, froito dun amplo e responsable diálogo político e social, sacaron á nosa Seguridade Social da incerteza económica e garantiron un sólido compromiso de todos para facer viable e sostible a nosa Seguridade Social.

500.000 millóns de pesetas de déficit, inseguridade de poder cobrar as pensións e incerteza dos pensionistas para manter o seu poder adquisitivo foron, entre outras, razóns para que todos os partidos asumisen o Pacto de Toledo e as súas recomendacións.

A Lei 24/1997, de 16 de xullo, de consolidación e racionalización da Seguridade, foi resultado directo do Pacto de Toledo, cuxo cumprimento se quixo

garantir coa participación de todos os Grupos Parlamentarios, constituíndo ao efecto unha Comisión no Congreso dos Deputados. Esta Comisión foi avaliando o cumprimento de compromisos e recomendacións desde entón e fíxoo con eficacia e con rigor baixo diversos gobernos.

Na actualidade está examinando un documento de data 29 de xaneiro de 2010, enviado polo Goberno para exame e debate, de modo que os acordos que puidesen alcanzarse desen lugar a aquelas reformas e modificacións legais pactadas entre todos os grupos políticos, sen esquecer a participación dos axentes sociais no proceso de diálogo social actualmente aberto.

O anuncio de recortes nos dereitos dos pensionistas, principalmente o dereito á revalorización en función do IPC (artigo 11 da Lei 24/1997, de 16 de xullo), vén romper o Pacto de Toledo, unha das máis importantes conquistas da nosa democracia. Estes recortes privan de dereitos a máis de cinco millóns de pensionistas e fainos retroceder aos tempos nos que o Goberno, segundo criterios de oportunidade e de conveniencia política, daba ou negaba a revalorización das pensións e, xa que logo, daba ou quitaba poder adquisitivo ás debilitadas economías dos pensionistas.

Produciríanse outros efectos adicionais e indesexables de empobrecemento para os pensionistas ao bloquear “sine die” a base sobre a que se actualizarían as pensións tras o bloqueo da súa contía que expón agora o Goberno.

A experiencia indica que este tipo de medidas, combinadas coa elevación de impostos, en especial o IVE (2 puntos de subida en xullo próximo), xeran problemas engadidos no consumo e no emprego, cuxa evolución, se non se corrixe con reformas adecuadas, porá en perigo os ingresos por cotizacións, que son esenciais para manter o noso sistema de Seguridade Social.

Todo elo, sen esquecer que a reforma anunciada polo Goberno afectará especialmente a Galicia, unha das CCAA que conta coas pensións mais baixas do conxunto de Estado

Por todo iso, o Grupo Municipal/Provincial/insular Popular, eleva ao Pleno para a súa consideración a seguinte MOCIÓN:

1º) Instar ao Goberno da Nación a que elimine as medidas previstas para a supresión da revalorización das pensións contributivas.

2º) Solicitar que se convoque a Comisión do Pacto de Toledo de modo urxente para renovar os traballos da mesma, a fin de que se acorden por todos os grupos as reformas que sexan necesarias para que se garanta a viabilidade e o futuro do noso sistema de Seguridade Social.

En Paradela, a 19 de maio de 2010.

Fdo.: Montserrat Mulet Sar

O PORTAVOZ DO GRUPO POPULAR

-----Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA”.

Toma a palabra o Sr. López Taboada, dicindo que está de acordo co primeiro punto da Moción, en que non se aplique a conxelación das pensións; pero non na segunda parte referente ao Pacto de Toledo, porque considera que non hai nada que reformar nin tampouco está de acordo cao referencia ao IPC xa que este é un tema moi delicado, porque se se reúne é porque hai algo que reformar. O que hai que facer é pedir

FOLLA Nº 7

que non se aplique a conxelación porque os pensionistas nin moito menos deben pagar a crise, xa que nin teñen culpa nin poder adquisitivo. Por iso, apoia a Moción no referente a conxelación pero non nas referencias ao Pacto de Toledo nin ao IPC.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que o Grupo Municipal Popular non o entende así, xa que no Pacto de Toledo están representados todos os partidos e os axentes sociais e debe ser neste órgano onde se fraguen as modificacións, que en ningún caso debe ser a redución das pensións, non se pretende que o Pacto se reúna para que se baixen as pensións senón que se faga nun órgano con todas as garantías democráticas.

Pola súa parte, o portavoz do Grupo Municipal Socialista Sr. Díaz Luaces di que o xoves levarase ao Parlamento do Estado e non sabemos cal vai a ser o sentido do voto dos distintos partidos, polo que o seu grupo abstense ata a votación do xoves.

O Sr. Alcalde manifesta que está de acordo co Sr. López Taboada en que non se pode atacar o flanco máis débil da sociedade, cando estas foron as persoas que sacaron o país adiante en épocas moi duras.

O Sr. López Taboada reitera os argumentos esgrimidos ao inicio da súa exposición dicindo que o sistema de pensións ahí que reforzalo non reformalo, polo que se se retira a segunda parte da Moción apoiaríase a mesma.

Por parte do Sr. Alcalde respóndase que a Moción non vai ser obxecto de modificación.

Procedese a votación da mesma que resulta aprobada pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, co voto favorable dos seis membros do Grupo Municipal Popular e abstencións dos catro membros do Grupo Municipal Socialista e do membro do BNG.

5º. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se presentaron formalmente preguntas por escrito, se ben dase a posibilidade de poder facelo neste intre.

A Concelleira do Grupo Municipal Socialista, D^a Sonsoles López pregunta sobre o rumor de que o vaso da piscina municipal está roto.

O Sr. Alcalde resposta dicindo a piscina esta asentada sobre rocha e inclinouse un pouco o vaso, por iso se vai a arranxar a mesma mediante a colocación duns pivotes.

Ao respecto mantiveronse conversas para acadar axudas tanto da Dirección Xeral de Deportes para o temas dos pivotes coma da propia Vicepresidencia da Deputación, Sr. Antón Bao, para financiar a colocación da plaqueta e resto de obra que haxa que levar a cabo, sinalando que espera que esté lista para a súa apertura o un de xullo.

O Sr. López Taboada, voceiro do BNG, toma a palabra dicindo que sería un bo momento para trasladar a piscina de lugar, xa que a actual ubicación carece de espazo ao redor para realizar actividades complementarias, é desabrigado e está escondida.

FOLLA N° 7

O Sr. Alcalde resposta dicindo, que unha nova piscina ten un custo altísimo ademais de que está encrabada nun lugar cunhas vistas magníficas.

A Concelleira do Grupo Municipal Socialista, D^a Sonsoles López remata, propoñendo que se coloquen unhas mamparas traslucidas e insonoras que eviten a entrada de vento no recinto.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as doce horas e corenta minutos do vinte e seis de maio de dous mil dez, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.

**Visto e prace
O Alcalde**

O Secretario-Interventor